

# Ourense EuroXogos 2013

Festival Europeo dos Xogos  
e Deportes Tradicionais

## Convocatoria para participar como voluntariado do Euroxogos 2013 na cidade de Ourense

Por primeira vez na Historia, Galicia será a organizadora do Festival Europeo de Xogos Tradicionais. Este singular evento conta cunha chea de actividades paralelas como son:

- A Asambléa da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais.
- O Encontro Escolar de Xogos Tradicionais.
- O Festival Internacional de Xogos e Deportes Tradicionais.
- Outros eventos musicais, comunicacións e congresos paralelos sobre a temática que nos ocupa: os xogos e deportes tradicionais.

Emporiso, trátase dunha oportunidade única para participar de xeito activo na organización dun evento internacional e complementar a formación dun xeito que os diferentes plans de estudos non son quen de proporcionarvos.

### Algunas razóns para asistir á celebración do Euroxogos en Ourense

1. Actividade de posta en valor do Patrimonio Inmaterial, polo que Ourense converterase na referencia europea do Xogo e Deporte Tradicional no ano 2013.
2. Evento Internacional, con representación de nacións europeas e convidados doutros continentes: España, Portugal, Francia, Bélxica, Italia, Marrocos, México, etc.
3. Actividade polifacética, combinando espectáculos, música, circuito de actividades participativas, encontro escolar, etc. Pode ser unha boa alternativa de viaxe fin de curso para os escolares galegos.

A través da web de Brinquedia ([www.brinquedia.net](http://www.brinquedia.net)) en próximas datas poderedes obter máis información deste evento, así como descargar o formulario de participación. Tamén nos poderedes contactar en [brinquedia@brinquedia.net](mailto:brinquedia@brinquedia.net)

Contamos con vós!

Organizan

